

Historia

Tras máis de 100 anos formando parte do territorio Español e sendo Provincia Española dende 1958, en novembro de 1975, Marrocos da comezo á **Marcha Verde** na que participaron máis de 35.000 homes, mulleres e nenos marroquíes, ademais dun continxente militar de 25.000 soldados.

Unha parte da Poboación Saharai, sobre todo mulleres, maiores e nenos fuxiron do seu País para refuxiarse nunha zona desértica ao suroeste de Arxelia, coñecida como "**Hamada**" onde comezaron a construír os Campamentos de Refuxiados, onde permanecen ata a actualidade.

En 1976, grazas a boa colaboración de Arxelia, conceden 700 becas para que as nenas e nenos Saharais poidan ir ao seu País.

En 1979, respondendo a unha chamada do F.P e de movementos políticos e sociais en España, en colaboración co Partido Comunista, chegan a Baraxas os primeiros 100 nenos e nenas saharais. En 1993, chegan a Galicia os primeiros 25 nenos que estiveron en 3 campamentos. Ao ano seguinte xa foron con familias acolledoras.

Os nenos e nenas Saharais son os verdadeiros Embaixadores da Causa Saharai. Eles son os que cada verán, empúxannos a seguir pedindo Xustiza para o seu Pobo



ACOLLE UN NENO/A NO VERÁN !!

SE ESTÁS INTERESADO/A EN
PARTICIPAR
OU DESEXAS MÁIS INFORMACIÓN,
CONTACTE CON NÓS:



**SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO
SAHARAI**



asociacionsogaps@yahoo.es



678 727 382 - 986 262 637



GALICIA 1993



**CONCELLO
DE VIGO**



VACACIÓNS EN PAZ 2024



NO VERÁN, UNHA ILUSIÓN



VACACIÓNS EN PAZ

"Vacacións en Paz" é un programa de Solidariedade Internacional, de sensibilización Política e Social, organizado e coordinado polo **Ministerio de Xuventude da República Árabe Saharaui Democrática (RASD)**, as **Delegacións do Frente Polisario** nas distintas comunidades, e a **Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui**.

Consiste na acollida de nenos e nenas Saharauis por parte das familias galegas.

POR QUE SE DESENVOLVE?

- Permite visibilizar a Causa Saharaui.
- Promove entre a Sociedade Galega os valores de Tolerancia, Solidariedade e a defensa dos Dereitos Humanos.
- Potencia os lazos históricos que unen ao Pobo Saharaui co Pobo Español.
- Sensibiliza á opinión pública sobre a responsabilidade do Estado Español, con respecto a súa antiga colonia.

OBXECTIVOS

- Afastar aos menores das durísimas condicións climatolóxicas, que a maior parte dos días de verán supera os 50º á sombra.
- Mellorar as condicións **sanitarias e alimenticias** dos menores saharauis.
- Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelá, que estudan nos seus programas escolares e tamén o coñecemento da lingua galega.
- coñecer outra cultura.
- Xerar vínculos familiares durante a acollida, que perdurarán unha vez regresen aos campamentos.



QUE É NECESARIO PARA PARTICIPAR?

- Asumir os criterios, compromisos e obxectivos do programa.
- Cumprir cos requisitos específicos que marca a Lei vixente en relación a acollida temporal, dependente de **Menores e Familia**.
- Seguir as pautas e directrices marcadas por **SOGAPS** e a **Delegación Saharaui en Galicia**

QUEN TE ASESORARÁ E ACOMPAÑARÁ?

- Persoas voluntarias de **SOGAPS**.
- **Delegación Saharaui en Galicia**.
- **Institucións, Organismos Públicos e Entidades, colaboradores solidarios co Pobo Saharaui**.

